

# DISCAPACIDADES SENSORIAIS

II Xornada de formación programa acompañaña

27 Abril 2023  
EOE (A Coruña)

# ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (NEE)

Aqueles que requiren determinadas axudas ou atención específica debido a diferenzas nas súas capacidades persoais, físicas, mentais, cognitivas, sensoriais ou de comportamento.

# NEE: Alumnado con discapacidades sensoriais

## Discapacidades auditivas

- xordeira
- hipoacusia



# Discapacidades auditivas: a ter en conta

A audición é un conxunto de procesos psico-fisiolóxicos que permiten que poidamos oír


Interveñen : mecanismos fisiolóxicos (oír) e procesos cognitivos e psicolóxicos (escoitar, dotar de significado, interpretar...)

# Discapacidades auditivas

## Tipos de perda auditiva ou xordeira?

Varios tipos de **hipoacusia** segundo a localización da lesión:

- 1. Hipoacusia condutiva ou de transmisión**
- 2. Hipoacusia neurosensorial ou de percepción**
- 3. Hipoacusia mixta**



**OÍDO EXTERNO** → oreja, conducto auditivo.

**OÍDO MEDIO**

↓  
tímpano, cadena de huesecillos.

**OÍDO INTERNO**

↓  
caracol, conductos semicirculares.

# Discapacidades auditivas

## Tipos de perda auditiva ou xordeira?

Varios tipos de **hipoacusia** segundo a localización da lesión:

### 1. **Hipoacusia de conduction ou transmisión**

A perda de audición condutora prodúcese cando algo impide que as ondas sonoras pasen polo oído externo e medio cara ao oído interno. Podes imitar facilmente a perda de audición condutiva cubrindo o oído, é basicamente o mesmo efecto.

## 1. Hipoacusia de conducción ou transmisión

### Causas:

Problemas como infeccións do oído medio (otite media).

Tumores benignos (colestatomas).

Tímpanos perforados, traumatismos e malformacións do oído medio e externo.

Acumulación de fluído ou crecemento óseo anormal, que pode provocar unha perda auditiva temporal ou permanente.

# 1. Hipoacusia de conducción ou transmisión

## Síntomas:

A fala tende a soar intelixible, pero cando o volume é suficientemente alto e non hai moito ruído de fondo. Os audífonos convencionais axudan, pero ás veces non é suficiente.

## 2. Hipoacusia neurosensorial ou de percepción

O termo perda auditiva neurosensorial describe dous problemas diferentes: a perda sensorial que afecta ao oído interno e a perda neuronal que afecta ao nervio auditivo.

## 2. Hipoacusia neurosensorial ou de percepción

Causas:

Causado por un problema coa cóclea e / ou o nervio auditivo, que é a parte interna do oído que converte o son en información eléctrica e o envía ao cerebro.

As causas da perda auditiva neurosensorial son diversas, pero xeralmente pódense clasificar en dúas categorías: conxénita e adquirida.

## 2. Hipoacusia neurosensorial ou de percepción

### Síntomas:

Se é nos dous oídos, hai problemas para entender a fala, incluso cando soa suficientemente alto.

Se só é un oído, os problemas son para localizar de onde proceden os sons ou escoitar o ruído de fondo.

### 3. Hipoacusia mixta

A perda auditiva mixta é unha combinación de perda auditiva condutora e perda auditiva neurosensorial, o que implica que hai dano tanto no oído externo ou medio como no interno.

Para as persoas con perda auditiva mixta, os sons poden ser máis baixos en volume e tamén máis difíciles de entender.

# Causas

Causada por unha combinación de lesión condutora no oído externo ou medio e lesión neurosensorial no oído interno (cóclea) ou nervio auditivo.

As causas deberanse ás condicións da perda auditiva condutora e a perda auditiva neurosensorial. Os defectos de nacemento, enfermidades, infeccións, tumores ou masas e lesións na cabeza poden causar perda de audición, tanto condutora como sensorial.

Factores xenéticos.

Sobreexposición a ruído forte.

# Discapacidades auditivas

## Tipo de hipoacusia

Audición **normal**

Hipoacusia **leve**

Hipoacusia **moderada**

Hipoacusia **severa**

Hipoacusia **profunda**

## Capacidad auditiva

Puede oír sonidos suaves por encima de **20 dBHL**.

Hipoacusia en su mejor oído entre **25 y 39 dBHL**.  
Le cuesta entender el habla en entornos ruidosos.

Hipoacusia en su mejor oído entre **40 y 69 dBHL**.  
Le cuesta entender el habla sin una prótesis auditiva.

Hipoacusia en su mejor oído entre **70 y 89 dBHL**.  
Necesita prótesis auditivas potentes o un implante.

Hipoacusia en su mejor oído de más de **90 dBHL**.

## SÍNTOMAS DE ALERTA DUN PROBLEMA AUDITIVO EN IDADE ESCOLAR:

### En relación ao aprendizaxe

- Presenta un retraso significativo nas aprendizaxes de aula
- Amosa falta de interese polas actividades que teñen unha maior compoñente verbal
- Ten dificultade en memorizar cancións e poemas
- Cóstalle aprender conceptos novos
- Ten dificultade para seguir e recordar as indicacións verbais do profesorado
- Copia moito dos compañeiros/as
- Presenta, en xeral, un baixo rendimento escolar

# En relación co desenvolvemento da linguaxe

## Tendo como referentes os/as nenos/as da mesma idade

- O ritmo de desenvolvemento é lento
- Utiliza estruturas lingüísticas sinxelas
- No se lle entende ben cando fala
- Comente erros na articulación por non dispoñer de patróns fonoarticulatorios correctos (omisións, substitucións...)
- Ten dificultades para seguir unha conversación longa
- Ten dificultades para aprender vocabulario novo
- Cóstalle contar historias
- Ten dificultades para as linguas estranxeiras
- Cóstalle os exercicios de ditado
- Dificultade na comprensión de textos...

## En relación co acceso á información

- Os periodos de atención son cortos
- Non se entretén con películas nin contos relatados por adultos
- Non presta atención nin participa en asambleas de clase, explicacións
- Distraese con frecuencia, sobre todo si hai ruidos de fondo ou está nun ambiente ruidoso
- Necesita que se lle repitan sempre as cousas
- Para escoitar xira sempre a cabeza hacia o mesmo lado e lévase o mesmo oído os xogos sonoros, o teléfono, a música...
- Dí moito que?, dime?...
- En ocasións, da respostas incorrectas a preguntas que con seguridade coñece
- Ten dificultade para responder a ordes verbais
- Confunde palabras que soan parecido

## En relación co comportamento, conduta e participación

- As veces etiquétase como movido, distraído, a menudo desobedente...
- Pode manifestar problemas de comportamento
- Pode presentar condutas inmaduras
- Parece lento nas respostas ou torpe
- Parece inseguro ou frustrado
- Pode presentar baixa autoestima
- En ocasións aillase dos seus compañeiros
- Non soe participar en actividades ou xogos en grupo (compartir, turnos...)

## Co alumnado con déficit auditivo que se pode facer na aula/centro

- Non falarlle nunca si non está mirando
- Chamar a súa atención cun lixeiro toque ou cunha discreta sinal antes de falar
- Falarlle de fronte coa cara ben iluminada para facilitar a lectura labial
- Situar-se a súa altura para que nos vexa ben a cara
- Mentras se lle fala non ter nada na boca (lápiz, chicle, comida...)
- Vocalizar ben, pero sin exaxerar nin gritar
- Falar con naturalidade

## Co alumnado con déficit auditivo que se pode facer na aula/centro

- Non comunicarse con palabras soltas
- Se non entende repetir a mensaxe, construindo frases sinxelas pero correctas
- Si é necesario axudar na comunicación con xestos naturais
- En conversacións en grupo é necesario respectar os turnos

## Ubicación:

- Debe situarse no lugar da aula co maior accesibilidade visual o profesor/a
  - profesor/a non debe situarse de espaldas a fonte de luz ou ventana para non facer sombra
- Ollo!! co ruído ambiental

## AXUDAS TÉCNICAS:

- Equipos de Frecuencia Modulada (Sistemas FM)
- Axudas visuais (paneis informativos e sinais luminosas)
- Material informático (ordenadores, tablet) que sirvan de apoio visual
- Videos subtitulados



# NEE: Alumnado con discapacidades sensoriais

## Discapacidades visuais:

- cegueira
- baixa visão



# Que se entende por discapacidade visual?

A **capacidade visual** é un proceso complexo que en cada persoa se elabora como froito da integración e interpretación de numerosas informacións parciais que recibe do mundo exterior , a través das súas funcións fisiolóxicas, psicolóxicas entre as que se sinalan: agudeza visual, a visión en profundidade, o campo visual, o sentido cromático, o sentido luminoso, etc.

Unha persoa ten **deficiencia** na súa capacidade de visión **cando ten unha perda** ou disfunción que **disminúe** polo menos un terzo **a súa capacidade para ver**.

# Discapacidade visual

## Cegueira:

- **Cegueira total:** cando a persoa non percibe luz ou non lle é útil para a orientación e mobilidade (utilización de apoios: por ex: bastón)
- **Cegueira parcial:** cando a persoa percibe luz, bultos, cores... que son útiles para a orientación e a mobilidade
- **Cegueira legal:** é a recoñecida para persoas subsidiarias de prestacións económicas e servizos educativos especiais e precisarían da utilización do código braille para a lectoescritura

# Discapacidade visual

**Baixa visión:** termo para referirse ás persoas con insuficiente visión, aínda cos mellores lentes correctivos

- **Agudeza visual:** é a capacidade para percibir a figura e a forma dos obxectos, así como para discriminar detalles.
- **Campo visual:** é a capacidade para percibir os obxectos situados fóra da visión central do punto de visión máis nítido.
- **Sensibilidade** ao contraste é a capacidade de distinguir unha figura en relación ao fondo

# Que ter en conta a nivel educativo?

Ante a diversidade de dificultades e necesidades que xera a cegueira ou a baixa visión, indicadores para a observación:

## CEGUEIRA:

<b>Dificultades co contorno</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● Desinterese polos obxectos e persoas</li></ul>
<b>Dificultades para moverse no espazo</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● Demora na deambulación</li><li>● Marcha irregular</li><li>● Posturas anómalas e estereotipias</li></ul>
<b>Dificultades na adquisición de experiencia</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● Aprendizaxe máis lenta</li><li>● Falta de imitación visual</li><li>● Menos curiosidade</li><li>● Organización mental diferente</li><li>● Perciben dende as partes ao todo</li></ul>

# Que ter en conta a nivel educativo?

## BAIXA VISIÓN

<b>Visión periférica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● <b>Dificultades:</b> de lonxe (para recoñecer persoas), de cerca (na lectoescritura)</li><li>● <b>Necesidades:</b> axudas ópticas específicas</li></ul>
<b>Visión central</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● <b>Dificultades:</b> na mobilidade</li><li>● <b>Necesidades:</b> boa iluminación e educación en orientación e mobilidade</li></ul>
<b>Visión borrosa</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● <b>Dificultades:</b> percepción de lonxe e de preto</li><li>● <b>Necesidades:</b> bo contraste</li></ul>
<b>Visión en movemento</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● <b>Dificultades:</b> enfoque a distancia</li><li>● <b>Necesidades:</b> educación da postura, emprego de elementos de axuda</li></ul>

# Na detección : que observar a nivel educativo?

- Amosa rexeitamento a realizar as tarefas que demanden fixación visual
- Fai carantoñas, chisca os ollos ou engurra o cello ao mirar, ler ou escribir
- Inclina a cabeza ao mirar
- Xira a cabeza para utilizar un só ollo
- Pecha ou tapa un ollo cando se mira ou le
- Inclina o corpo para diante para mirar obxectos distantes
- Excesiva sensibilidade á luz
- Na lectura, tendencia a presentar erros de inversión, omisión ou confusións de letras, sílabas ou números de formas parecidas, perda de liña, baixa velocidade lectora, etc
- Dores de cabeza ou mareos despois dun traballo que necesite concentración
- Cóstalle manter a atención nun curto espazo de tempo
- Usa o dedo ou rotulador como guía
- Move a cabeza en lugar dos ollos

# Respostas educativas: que se ofrece dende os centros educativos?

## MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN:

- Con carácter xeral: **centro ordinario con profesionais de apoio** da ONCE e PT do centro

Cando hai outras discapacidades ou trastornos de carácter grave que requiren atención e apoios específicos ou adaptados que non poden ser axeitadamente atendidos no centro ordinario:

- Escolarización nun **centro de ensinanza ordinario de escolarización preferente**, onde hai máis recursos específicos
- Escolarización nun **centro de educación especial** ou nunha unidade específica de EE en centro ordinario.

# Respostas educativas: que se ofrece dende os centros educativos?

## MEDIDAS DE ADAPTACIÓN:

### De acceso ao currículo:

- Organización da aula
- Espazos
- Técnicas de lectoescritura en código braille
- Orientación e mobilidade
- Educación no uso e manexo de aparellos tiflotécnicos que facilitan o tratamento da información
- Habilidades sociais
- Estimulación visual
- Axudas ópticas e non ópticas

# RECURSOS



# Respostas educativas: que se ofrece dende os centros educativos?

## MEDIDAS DE ADAPTACIÓN:

### Da intervención docente:

- Recibir información sobre as características persoais e da deficiencia visual deste alumnado
- Prever os recursos persoais e materiais específicos que se deben proporcionar
- Favorecer o proceso de inclusión do alumno/a preparando a acollida
- Breve noción sobre os recursos que utiliza
- Procurar a participación activa do alumno/a na dinámica da clase
- Proporcionar información detallada dos obxectos, acontecementos... a través da linguaxe, ou nas deficiencias auditivas das imaxes

# Respostas educativas: que se ofrece dende os centros educativos?

## MEDIDAS DE ADAPTACIÓN:

### De currículo:

- Reforzo educativo
- Adaptacións curriculares
- Flexibilización

**De textos escolares** (en Galicia a adaptación dos textos realízase no Servizo de Producción de Recursos Didácticos situado no centro de recursos educativos da ONCE (Pontevedra))

**COÑECE  
O MEU  
NOME**

Como me  
sinto

Como é a miña vida fóra  
do centro, a miña familia

Que me interesa, motiva,  
gusta

As miñas aspiracións, os  
meus desexos, os meus  
soños

Como  
aprendo  
mellor

Que se me da ben, cales  
son as miñas capacidades,  
fortalezas

Os meus coñecementos  
previos

As miñas necesidades, as  
miñas barreiras na escola



# PERFIL DE APRENDIZAXE

- Documento que axuda ao profesorado a coñecer mellor aos seus alumnos/as a nivel persoal e como aprendiz.
- Recolle información referida aos seus gustos, aficións e formas de aprender.
- Ferramenta que permite personalizar a ensinanza e ademáis favorece a relación de colaboración entre os profesionais que atenden ao alumno/a , co propio alumno/a e coas familias.

# PERFIL DE APRENDIZAXE

Que información contén?

- Características da familia
- Características do propio alumno/a



# PERFIL DE APRENDIZAJE



## CARACTERÍSTICAS DEL ALUMNO/A

Aspectos  
afectivos



Hábitos de  
trabajo



Aspectos  
sociales




Aspectos de  
salud



Aspectos  
cognitivos



Preferencias y  
necesidades



# Exemplo

## Comunícome:

- con un comunicador con sistema aumentativo
- signos bimodais /LSE
- linguaxe oral

Os meus puntos fortes son:

- gran memoria
- alegre
- autónomo



## Desagradame

- Que me falen cando estou de espaldas
- estar ao lado da ventana



## Interesame:

Os contos de animais  
os avións



## Apoios

Autoinstrucións dos pasos para a comprensión  
Axudas técnicas: equipo FM



Dame seguridade:

Ter apoio visual cando explican



# Así aprendo: exemplos discapacidade auditiva

Necesito descansos con movemento ao aire libre

Necesito unha axenda visual para a planificación

Aprendo mellor con tarefas curtas

Necesito instrucións claras nas actividades e nos xogos

Non podo prestar atención se teño moitos estímulos e falan todos a vez

Na audición da lingua estranxeira necesito cascos e máis repeticións

# Así aprendo: exemplos discapacidade visual

Para aprender necesito tocar e unha boa descripción do que pasa

Necesito instrucións verbais do que se anota na pizarra

Para acceder a información necesito algúns recursos específicos: usar o ordenador e ampliar o pdf dos textos

Aprendo mellor con instrucións claras nas actividades e nos xogos

Se hai obstáculos poden ter problemas nos meus desprazamentos pola clase

Necesito máis espazo na mesa para o meu material (folios de maior tamaño, etc)



¿Quieres intentarlo de nuevo?

# MOITAS GRACIAS

Equipo de orientación específico (A Coruña)

Discapacidades sensoriais

Esperanza López Cordido

[ecordido@edu.xunta.es](mailto:ecordido@edu.xunta.es)